

ai

Exemplar gratuito

MÚSICA

**Jazz de
Ría**

EN NARÓN

MÚSICA

**Omar
Montes**

EN FERROL

Tanxugueiras
EN MOECHE

Lidia India

Entre a ciencia e a arte, Lidia India vén de desenvolver unha aposta creativa que remite á terra e a quen a habitamos. Logo de ter participado en diferentes proxectos musicais está a elaborar un disco por capítulos do que algo adiantará o día 8 de agosto no Doniños Fest.

TEXTO: Nicolás Vidal | **FOTO:** Diodo Diéguez

Aí. Hai un pasado curioso coa túa traxectoria como médica no que aparece e se desenvolve a túa faceta musical.

LI. Miña nai tocaba a guitarra e ese recordo é importante. Logo, por desgraza no colexio a música non tivo importancia. Foi cando marchei estudar medicina en que redescubrí a música, xunteime con xente afeccionada e incluso montamos unha banda de versións. Pero foi ir a Sudamérica facer prácticas como voluntaria en que aprendín un montón. En Perú, Arxentina e Brasil coñecín o seu folclore alucinante. Logo, tomei clases de guitarra e percusión.

Aí. Pero volvíches a Brasil novamente?

LI. Si, estaba aquí traballando e botaba aquilo moito de menos, non me sentía ben, así que volví logo de facer o MIR. Estiven un tempo, tocando e vivindo a música que alí é impresionante. Tiven un proxecto musical e vital, cunha filla, e todo ben ata que sentín morriña de Galicia, así

que regresei con todo o vivido e aprendido alá.

Aí. Ti es Lidia Castrillón. O de “India” de onde vén?

LI. O nome naceu en Brasil, pero xa antes de ter banda. Logo cando regresei xa quedou para sempre nos diferentes proxectos que tiven: India e o Lobo, con Maina Materia, con Latexo, etc.

Aí. Hoxe es Lidia India, pero tes os teus músicos de cabeceira.

LI. Si, simplifíquei o asunto porque nalgún dos proxectos como Latexo eramos moitos e economicamente era complicado. Eu sigo traballando como médica, que é o que me dá un sustento, e a música é a miña paixón, así que o formato habitual é que acompañen Pedro Montilla ao violín e César Yáñez ao bouzouki.

Aí. Con eles e outros músicos estás a gravar con calma o teu novo disco, do que vas soltando cancións en capítulos.

LI. Si, con calma porque a produción leva moito tempo e coidado. Comecei con capítulos, unha especie de EPs

por así dicilo, con “Elementos e alimentos” onde están as cancións “No mare”, “Aire” e “Ata que o corpiño aghuante”. Un segundo capítulo con “A galiña, o toxo e o río” que inclúe: “Galiña vella”, “Toxo” e “Vale a pena”, e agora estamos cos temas do terceiro capítulo que a ver se podemos subilas a plataformas no mes de novembro. A idea sería ter o disco en formato físico para Nadal, xa veremos.

Aí. A produción corre a cargo de Juan de Dios. Quen é este home e que estades a facer?

LI. Un mestre musical ao que coñecín nun curso que fixen na Coruña e con conectei deseguido. Produciu a Amaral ou Xoel López entre outros. Velo traballar é espectacular e estou aprendendo moito con el. Decateime que teño moitos prexuízos cara miña propia música e grazas ao el as cancións éñchense de pinceladas que as fan máis ricas.

Aí. Como definirías o teu son?

LI. Non son moi de etiquetas pero cando tiña máis influencia do Brasil, falaba



“A MIÑA MÚSICA INSPÍRASE NO EXTRAORDINARIO DO MUNDO COTIÁN”

de “afromuiñeiras”, como en temas estilo “Orixes”. Agora estou buscando un son máis galego que brasileiro, con influencias de moitas músicas do mundo.

AÍ. E as letras das cancións con ese arrecendo a terra e a vida.

LI. Vivo en Doniños e unha contorna tan ligada á natureza estimula. Cancións como “Aire”, “No mare” veñen de aí. Logo está o mundo cotiá e o extraordinario que nel habita, o misterio e a maxia do día a día. Tamén vivín esa conexión coas raíces galegas,

esas cantareiras que falaba con tanta retransmisión da súa vida cotiá son moi inspiradoras.

AÍ. Outro aspecto que tes moi traballado é o dos vídeos, a maioría rodados en Ferrol e comarca.

LI. Si, temos unas paisaxes espectaculares e temos que aproveitálas. Tamén tratamos de coidar outros aspectos artísticos como o vestiario.

AÍ. Que opinas da polémica da ordenanza municipal ferrolá sobre “ruídos”?

LI. Que a música non é ruído, que é un elemento de creación

de cultura, lecer e turismo. Controla o que queiras pero que molestas cun concerto na sesión vermú, ou ás oito e media do serán. E que é ruído e que non o é? As rondallas son ruído? Xa o mundo musical e complicado como para atopar este tipo de cancelas e non fomentar a economía circular. Ademais, ao final os prexudicados somos os artistas locais.

AÍ. Para rematar, onde poderemos ver este mes o voso espectáculo?

LI. O día 8 estaremos en casa, participamos no Doniños Fest. Ao día seguinte andaremos no Feito a Man de Compostela que, precisamente, é un festival de rúa. Finalmente, o 31 estaremos no escenario de grupos emerxentes do Festival da Luz.

1-2 ven-sáb 22.00 H

FELICIA POP

Música

PARQUE DA HORTIÑA (LIMODRE) 25 €

O FESTIVAL POP MÁIS ANTIGO DE GALICIA CELEBRA UN ANO MÁIS CON BANDAS MÍTICAS E A FELICIDADE DE SEMPRE.

A banda de New York Optic Nerve é o prato forte deste ano, un grupo reboante de cor, marcado por harmonías vocais deliberadamente inxenuas e guitarras limpísimas que apenas tivo éxito entre o público maioritario pero deixou unha profunda pegada. Actuarán o sábado ás 00.30 horas. Ao seu remate, pecharán o festival Los Mejillones Tigre, unha banda de Jaén especialista en críticas mordaces e novo LP este ano: "Me gustó más el libro". A xornada do sábado ábreala Cometa e continúa cos neerlandeses Moon. O venres: Pava, MPSTK, Hey Hematoma e Los Bengala.

7-10 xoves a domingo

TODO O DÍA

GULLIVER FEST

Festival

ÁREA RECREATIVA DE PEDROSO (NARÓN)

DE BALDE



Á BEIRA DO RÍO XUVIA, EN PLENA NATUREZA ESTE FESTIVAL PROPÓN UNHA CONEXIÓN ENTRE MÚSICA, VIAXES, NATUREZA E DEPORTE NUN EVENTO DE CARACTER EMINENTEMENTE FAMILIAR.

Entre charlas sobre viaxes, obradoiros técnicos, ioga, roteiros sensoriais, documentarios, teatro sobre rodas, pequenos espectáculos de maxia e unha carreira de orientación, as noites do venres, sábado e domingo quedan para a música en directo: Shugr´Band e Tandub o venres e Shake e A Regadeira o sábado, ambos os dous días a partir das 21.30 horas. E The Locos (a banda formada durante a parada de Ska-P) o domingo ás 20.00 horas.

Tu tienda de música en FERROL



C/ Magdalena, 31 Bajo
15402 **FERROL** - A Coruña
Tels.: **981 074 644 - 698 179 453**
e-mail: info@clefmusic.es

www.clefmusic.es



GULLIVER

FESTIVAL DA CULTURA VIAXEIRA

FEST 2025

DO 7 AO 10 DE AGOSTO
MUÍÑO DE PEDROSO • NARÓN

OSBRADOIROS • MERCADO • ZONA CAMPER • AGAMPADA • GLAMPING • FOOD TRUCKS

THE LOCOS • MONOULIOUS DOP • LA REGADERA
SHAKE • TANDUB • SHUGR'BAND • GRAMOLA GOMINOLA
BATUCADA LATEXO • TESHUYA • LAS POLIS • CIRCANELO
MARTA IGLESIAS • MEIGO SIMÓN • LA DUENDENETA
CHARLAS VIAXEIRAS • CARREIRA DE ORIENTACIÓN

AMPA



ACTIVIDADES



WWW.GULLIVERFEST.ES

Jazz de Ría

IX FESTIVAL DE JAZZ



NARÓN | NEDA | CEDEIRA | VALDOVIÑO

15 a 19 agosto 2025



VENRES 15 · NARÓN

Pazo da Cultura

21:30h PERICO SAMBEAT FLAMENCO QUINTET

SÁBADO 16 · NARÓN

Centro de interpretación dos muíños industriais de Xuvia

11:30h Visita musicada ao CIMIX, con FRAN TRASHORRAS & ISMAEL CIVES

Praza do Concello de Xuvia

13:00h VERMÚ SWING, con SWING ON: aula aberta de lindy hop e sesión de baile con Swing On DJs

Parque Freixeiro

17:00h Obradoiro de construción de instrumentos con material de refugallo, coa ESCOLA DA VACA

17:00h Obradoiro de podcast colaborativo con ÁBRETE DE ORELLAS

19:00h ALBA ARMENGOU TRIO

20:30h DIEGO ALONSO 5TET_NIHIL

22:00h SUMRRÁ & FRIENDS_25 ANIVERSARIO

DOMINGO 17 · NEDA

Rúa Castro (San Nicolás)

11:30h BAILE NA RIBEIRA, paseo sonoro guiado con FERNANDO FERNÁNDEZ REGO

Ribeira de San Nicolás

13:00h TRILITRATE

LUNS 18 · CEDEIRA

Parque dos Patos

19:00h CORO DA RA

Parque de San Isidro

21:30h XAN CAMPOS_AMORODIOS

MARTES 19 · VALDOVIÑO

Praia de Pantín

19:00h BALCÓNS AO ATLÁNTICO, roteiro con XURXO SOUTO

Praia do Baleo

21:00h COPOS DE AVENA

15-19 *venres a martes* **CONSULTAR HORARIOS**

JAZZ DE RÍA

Música

NARÓN, NEDA, CEDEIRA E VALDOVIÑO

16 €



O TRÍO GALEGO SUMRRÁ CELEBRA OS SEUS 25 ANOS DE TRAXECTORIA JAZZÍSTICA NO PARQUE DO RÍO FREIXEIRO, EN NARÓN, NUN FESTIVAL NO QUE TAMÉN ESTARÁ O PERICO SAMBEAT FLAMENCO QUINTET.

Sumrrá (sábado 16 ás 22.00 h.) estará acompañado doutros mñusicos amigos na celebración dos seus 25 anos. Antes deles, no mesmo escenario do parque naronés actuarán o trío de Alba Armegou e o Diego Alonso 5tet_Nihil. O venres ás 21.30 h Perico Sambeat. O festival complétase o domingo ás 13.00 horas en Neda con Trilitrate, o luns ás 19.00 horas no Parque dos Patos de Cedeira co Coro da Rá, entre outras actividades e concertos.

22-24 *ven-dom*

FESTIVAL IRMANDIÑO

Música

CASTELO (MOECHE)

DE BALDE

TANXUGUEIRAS ENCABEZA O CARTEL DO IRMANDIÑO DESTE ANO. ACTUARÁN O SÁBADO 23.

Aida, Sabela e Olaia forman Tanxugueiras. O grupo galego abriu de par en par as portas do resto de idiomas oficiais do estado no circuíto musical, colleitando éxitos, recoñecementos e grande visibilidade grazas á súa música. Seu é o mérito de manter viva a tradición, o idioma, o folclore e dotalo de novos significados. A 46ª edición do Festival de Moeche apúntase o éxito de acoller tanto talento. Abren o festival Mediarea e De Ninghures. A quenda das Tanxugueiras será despois do tradicional “asalto ao castelo” que conmemora a revolta irmandiña do século XV.

edicións **embora**

Manolo González O cineísta andarengo

A propósito de Bernardino de Lamas



22 *venres* 22:00 H

OMAR MONTES

Música

PRAZA DE ARMAS (FERROL) DE BALDE



PERSONAXE TELEVISIVO DE PROGRAMAS COMO “GRAN HERMANO” E “SUPERVIVIENTES” TEN TRES DISCOS GRAVADOS.

O seu éxito en “Supervivientes” e a posterior gravación dun tema con Bad Gyal que conseguiu catro discos de platino deu impulso á súa carreira no show bussines. O seu último disco – “Lágrimas de un maleante” lanzouno en 2024.

24 *domingo* 22:30 H

MONDRA

Música

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



MONDRA PRESENTA “DE RONDA” O SEU ÚLTIMO TRABALLO DISCOGRÁFICO, PERSOAL E IRREVERENTE “PARA SEDUCIR OU SER SEDUCIDO” CUN SON ORGÁNICO E FRESCO.

Artista, cantareiro e bailador, Mondra é un dos nomes máis sobranceiros da escena musical do país. Co seu álbum debut, titulado ARDÊN, acadou o recoñecemento unánime de público e crítica, xunto a outros galardóns, como o Premio Martín Códax ao Mellor Álbum de Electrónica 2024, ou o Premio Mestre Mateo ao Mellor Videoclip 2025 por MARIMONDRA. Sobre os palcos, Mondra ten realizado ata a data máis de oitenta concertos dentro e fóra da xeografía galega coa súa FOLIA das ARDENTES, aclamada polo público.

26 *martes*

22.00 H

NIL MOLINER

Música

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE

TAN POTENTE EN DIRECTO COMO O SON EMOCIONALMENTE AS LETRAS DAS SÚAS CANCIÓNS.

Consolidado xa como un dos directos máis potentes do panorama nacional, Nil Moliner ofrece positivismo e “buen rollo” nas súas letras. Os seus concertos son unha homenaxe á música que lle serve de refuxio, por iso nos seus discos hai referencias a artistas como Camila Cabelo, Billie Eilish ou Black Eyed Peas. Presenta temas do seu terceiro disco, “Lugar Paraíso” co que se implicou emocionalmente e fai unha viaxe aos lugares nos que é feliz.



29 venres

22:00 H

BUSTAMANTE

Música

PRAZA DE ARMAS (FERROL)

DE BALDE



BUSTAMANTE É UN DOS ARTISTAS MÁIS MEDIÁTICOS DO PANORAMA MUSICAL EN ESPAÑA, UN ARTISTA NUN DOS MÁIS PRODUCTIVOS MOMENTOS DA SÚA CARREIRA.

Dezanove discos de platino, varios discos de ouro e máis de 900 concertos avalan a súa carreira musical. Colaborou con grandes da música como Juan Gabriel, Alejandro Fernández, Pablo López e Luis Fonsi, entre outros. É capaz de abarcar diferentes facetas e estilos, desde as baladas románticas, melódicas e latinas que marcaron a súa carreira desde os seus inicios ata o Bustamante máis renovado e moderno que sorprendeu a todo o seu público co seu disco “Heroes en tempos de guerra”.

31 domingo 12:30 H

GALO SALINAS

Homenaxe

ALAMEDA DE RAXOI (PONTEDEUME)



O ATENEO EUMÉS PROMOVE A CONMEMORACIÓN DO PRIMEIRO DISCURSO POLÍTICO EN GALEGO, PRONUNCIADO EN 1891.

FOTO: ARQUIVO DO REINO DE GALICIA

Galo Salinas estableceuse en Pontedeume en 1866 tras volver emigrado do Uruguay. Na vila exerceu o maxisterio ata que en 1892 trasladouse á cidade da Coruña, onde nacera, para traballar de xornalista. O día 8 de agosto de 1891, con outros eumeses, fundou a Asociación Rexionalista Galega e pronunciou no Pazo do Concello o primeiro discurso político na nosa lingua. Na conmemoración, que conducirá Quico Cadaval, intervirán a escritora e cineasta Margarita Ledo e o presidente da Real Academia Galega, Henrique Monteagudo.



Nº 206
ANO XVIII

EDITA:

ee | edicións embora
www.edicionsembora.es

Rúa Galiano, 63-1º. 15402 FERROL.

T 981 35 53 53

info@edicionsembora.es

@Aí

DIRECTOR:

Miguel Toval

DESEÑO/MAQUETA:

Jose A. Farinós

REDACIÓN E COLABORADORES:

Carmela Mor, Bea Rodríguez, Nicolás Vidal, Kiko Delgado

DEPÓSITO LEGAL:

C 4370-2007

A información dos espectáculos, os seus horarios e o lugar de celebración dos actos facilítana directamente os organizadores dos mesmos. Edicións Embora declina calquera responsabilidade pola suspensión ou modificación de calquera tipo dos devanditos actos.



ENSAIO

BREVÍSIMA HISTORIA DO CONFLICTO ENTRE ISRAEL E PALESTINA

ILAN PAPPÉ | EDITORIAL GALAXIA | 152 PÁX. | **16,90 €**

A HISTORIA DO XENOCIDIO QUE O GOBERNO ULTRA ISRAELÍ DE NETANYAHU ESTÁ A COMETER HOXE EN GAZA TEN UNHAS RAÍCES HISTÓRICAS DIRECTAS QUE SE INICIAN CARA A DÉCADAS DOS 80 DO SÉCULO XIX E TRAS CONFLITOS, GUERRAS, ASENTAMENTOS E MOITA DOR CULMINAN NA CATÁSTROFE INHUMANA CONTRA O POBO PALESTINO QUE CADA DÍA VEMOS IMPOTENTES NAS PANTALLAS.

Un relato de violencia protagonizado por un estado colonial e racista axudado por Gran Bretaña ata mediados do século XX e trala II Guerra Mundial por Estados Unidos. Contar esta aniquilación dun pobo, liberar o relato de mitos e clarificar cal é o obxectivo do proxecto sionista require acougo, datos e honestidade intelectual. Velaí as cualidades de Ilan Pappé, prestixioso historiador da universidade británica de Exeter que neste “Brevisima historia do conflito entre Israel”, publicado pola editorial Galaxia con tradución de Carlos Aymerich, analiza de xeito didáctico e sinxelo as claves dun complexo asunto histórico.

Un conflito que resume nun proxecto mesiánico e colonialista sobre unha terra ocupada por un pobo a quen se lle foron quitando todos os seus dereitos ao longo do tempo coa complicidade dunha Europa decadente e duns Estados Unidos entregados ao sionismo ultra. Para quen desconfíe do traballo é interesante saber que Ilan Pappé é xudeo.

RELATOS

ANTOLOXÍA DO CONTO GALEGO DE TRADICIÓN ORAL

HENRIQUE HARGUINDEY / MARUXA BARRIO | GALAXIA | 284 PÁX. | **22 €**

Para celebrar o 75 aniversario da editorial Galaxia reedítase esta compilación de literatura popular breve de Galicia elaborada por Henrique Harguindey e Maruxa Barrio que vira a luz xa en 1983. Agora, o volume inclúe un prólogo de Antonio Reigosa e ilustracións a cargo de Agustina Shuan. Esta selección presenta os mellores contos creados pola cultura popular do país, ofrecendo unha representación de como o pobo galego vía o mundo. Contos de animais, realistas e humorísticos, e contos con temáticas maravillosas únense para reflectir a sabedoría cultivada e transmitida ao longo de xeracións nunha Galicia que xa é historia. Unha alfaia.

ARTIGOS

EL MEJOR OFICIO DEL MUNDO

DIEGO A. MANRIQUE | EDITORIAL EFE EME | 232 PÁX. | **21,50 €**

Diego Manrique, o xornalista español de música popular máis destacado desde os anos 70, recompila textos publicados na revista Efe Eme sobre numerosos artistas españois e internacionais a través dun oficio en vías de desaparición como é a crítica musical. Anécdotas e historias de cando a prensa pagaba para enviar a un xornalista a Londres ou a Nova York a cubrir unha rolda de prensa ou facer unha entrevista, de cando na TV había programas de música, da época dourada de Radio 3 e da paixón por un oficio que a tantos nos deu tanto.

DELICIAS SONORAS

**CRISTIAN SILVA *UN HOME TRANQUILO***

O músico e produtor de Vilagarcía Cristian Silva presenta, unha década despois do seu debut en longa duración, este segundo traballo cheo de madurez e mestura que leva por título “Un home tranquilo” (Inquedanzas Sonoras). Tras este amplo paréntese, aporta dez temas, instrumentais e cantados, cun son protagonizado pola zanfona eléctrica, a frauta e sobre todo a gaita buscando unir a música galega de raíz con sons máis contemporáneos nunha produción certamente profesional. Un disco que reivindica a madurez e no que colaboran outros músicos como Miguel Lamas, Niño Bruno, Pablo Pérez, Xosé Miguélez, Antonio Rodríguez, Adrián Saavedra ou Ana Fernández nos coros. En canto ás pezas en si, hai que destacar a colaboración especial do grupo de Caldas Igloo en “Tobogán”, case un tema de pop-indie; a intensidade melódica de “E-La”, “Estado de fuga” ou “Alquimia cósmica” ou certo arrecendo a flamenco e jazz en composicións como “Quásar”. Un disco poderoso que se presentará en Compostela o próximo mes de outubro.

**MIGUEL CANTILO *SOTO: HOMENAJE A LA PATAGONIA REBELDE***

Non é moi coñecido Miguel Cantilo por estas terras pero na Arxentina este músico e compositor é unha figura querida e respectada. Foino desde os anos 70 con formacións como Pedro y Pablo ou cunha importante carreira en solitario que o equipara a outros referentes do rock arxentino clásico como Litto Nebbia, Charly García ou Spinetta. Así, a última creación deste reputado músico é “Soto: Homenaje a la Patagonia Rebelde”, unha homenaxe ao sindicalista anarquista ferrolán que liderou aos traballadores da Patagonia nas tristemente célebres folgas dos anos 20. Agora, cando a situación na Arxentina de Milei está a estoupar, Cantilo se une a varios colaboradores como Miguel Oliva e Mariano Díaz para reivindicar a figura de Antonio Soto e a loita polos dereitos sociais. Faino con esta obra de 14 temas, ata agora só dispoñible en plataformas, con arrecendo a ópera rock. Un disco conceptual e a mostra dos estilos que Cantilo fixo seus: jazz, blues, rock e baladas. Un traballo de potente carga política e social cando no seu país tan necesarios son estas obras.

**AUDIOVISUAL *PAOLO CONTE LIVE AT LA SCALA (2024)***

Ofrece desde xa a plataforma Filmin o documental adicado ao inmenso músico italiano Paolo Conte. Un traballo do director Giorgio Tiesti centrado no concerto ofrecido por Conte en febreiro de 2023 no sacrosanto escenario operístico da Scala de Milan. Cun templo musical cheo, e a presenza de ilustres creadores asistentes ao acontecemento (Sorrentino, Capossela, etc) durante unha hora e media Conte repasa 19 pezas do seu impecable cancionero rodeado dunha ducia dos seus extraordinarios músicos cun público entregado e disposto a gozar da velada. Desfilan temas como “Via con me”, “Sotto le estela del jazz”, “Max” e tantas outras entre nas que non está o clásico “Azzurro”. Ao longo do filme, Conte alterna as interpretacións cun grupo de músicos soberbio con imaxes do presente e do pasado no que analiza en entrevistas breves o seu estilo e as claves da súa creación musical. Un ADN no que une as cancións italianas co jazz, esa voz ronca e cálida, aspecto de acabado levantar da cama, piano e kazoo. Déixense acompañar por este xigante.



A Coruña y As Mariñas



Ferrolterra



Costa da Morte



Terras de Santiago



Ría de Muros e Noia



Ría de Arousa Norte

Provincia da Coruña

... seguramente, a mellor opción



Deputación
DA CORUÑA

turismo.dacoruna.gal
[@DACTurismo](https://twitter.com/DACTurismo)
[Turismo da Deputación da Coruña](https://www.facebook.com/Turismo-da-Deputación-da-Coruña)
[Dacturismo](https://www.instagram.com/Dacturismo)